

# CAMINOS DE HOSPITALIDAD A ESPERANZA É O CAMIÑO.

## ~ DECÁLOGO ~

#caminosdehospitalidad

hospitalidad.es/caminosdehospitalidad/glg

### 01 ACOLLE

Acolle co corazón aberto. Recibe a cada persoa migrante como a un irmán ou irmá, recoñecendo a súa dignidade intrínseca como ser humano. Cada encontro é unha oportunidade para acoller a Cristo mesmo, que se nos fai presente nas persoas máis necesitadas.

### 02 PROTEXE

Protexe a vida e os dereitos. Defende os dereitos fundamentais das persoas migrantes, especialmente das máis vulnerables, como os nenos e as mulleres, garantindo a súa seguridade e benestar.

### 03 PROMOVE

Promove o desenvolvemento integral. Facilita o acceso á educación, á sanidade, ao emprego e a outros servizos básicos, permitindo que as persoas migrantes desenvolvan plenamente as súas capacidades e contribúan á sociedade.

### 04 INTEGRA

Integra dende o respecto e a diversidade. Fomenta a participación activa das persoas migrantes na vida comunitaria, valorando e respectando as súas culturas e tradicións.

### 05 CONSTRÚE

Constrúe pontes de reconciliación. Traballa para curar feridas e superar prexuízos, promovendo o diálogo e a comprensión mutua entre as comunidades de orixe e de acollida.

### 06 ESCOITA

Escoita e dá voz. Atende ás historias e experiencias das persoas migrantes, amplificando as súas voces e recoñecendo o seu protagonismo na construción dunha sociedade máis xusta.

### 07 DENUNCIA

Denuncia a inxustiza e a indiferencia. Ergue a voz contra as políticas e prácticas que vulneran os dereitos das persoas migrantes, promovendo unha cultura de solidariedade e xustiza.

### 08 COMPARTE

Comparte o que tes. Ofrece os teus recursos, tempo e talentos para apoiar ás persoas migrantes, recoñecendo que a hospitalidade se manifesta en accións concretas de servizo e xenerosidade.

### 09 EDUCA

Educa para a hospitalidade. Promove a formación e a sensibilización no teu entorno sobre a realidade das migracións, fomentando unha actitude de acollida e empatía capaz de transformar a sociedade.

### 10 ACTÚA

Reza e actúa con esperanza. Sostén o teu compromiso coa oración e coa acción, confiando en que cada xesto de hospitalidade contribúe á construción do Reino de Deus na terra.

Para máis información e recursos sobre a campaña **Camiños de Hospitalidade**: A esperanza é o camiño, podes visitar a páxina web da campaña, así como os sitios web do **Servizo Xesuíta a Refuxiados de Europa** e da **Rede Xesuíta con Migrantes de América**.

Este decálogo quere ser unha guía práctica e espiritual para persoas e comunidades comprometidas coa acollida e o acompañamento das persoas migrantes e refuxiadas. Vivindo estes principios, poderemos camiñar coa esperanza dunha sociedade máis fraterna e reconciliada

© SJM Perú



Jesuitas social



Fe y Alegría INTERNATIONAL

